



moción

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE MOBILIDADE E TRANSPORTE PÚBLICO

---

*Ao pleno da Corporación de Cuntis*

---

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O deterioro do transporte público en Galicia é unha consecuencia dun modelo socioeconómico que prioriza a construción de grandes infraestruturas e a venda de automóbil privado fronte á mobilidade colectiva. Nun país que ten como unha das súas principais características demográficas a dispersión poboacional, un transporte público de calidade é fundamental para a vertebración do territorio. Esta necesidade acentúase en comarcas rurais, como a nosa, e a súa carencia inflúe de xeito determinante no illamento da poboación.

Cuntis non permanece alleo a este deterioro e padece as consecuencias da supresión sistemática de liñas e paradas de autobús, malia o noso municipio estar localizado nunha situación estratéxica e nunha posición intermedia entre dúas das principais cidades do País. Nos últimos tempos as posibilidades de desprazarse en autobús tanto ás vilas máis próximas como ás cidades máis grandes converteuse nunha tarefa pouco doada.

O desprazamento en autobús adoitaba ser un recurso para desprazarse tanto a hospitais como a centros nos que realizar xestións administrativas, motivos de carácter persoal comúns a toda a poboación. Era un recurso moi empregado por persoas con máis dificultades para o desprazamento privado e achegaba concellos rurais a núcleos máis urbanos nos que adoitan estar situados os servizos antes referidos. Cómpre situar en lugar de referencia á mocidade que se ten que desprazar por estudos diariamente tanto a institutos como a facultades.

---

moción do g.m. de veciñanza contra as restricións do goberno de españa ás remunicipalizacións de servizos públicos

[www.veciñanza.gal](http://www.veciñanza.gal) [info@veciñanza.gal](mailto:info@veciñanza.gal) [@vecinhanza](https://www.facebook.com/vecinhanza) [facebook.com/vecinhanza](https://www.facebook.com/vecinhanza)



**veciñanza**

## moción

Na actualidade, o transporte de viaxeiros/as por estrada atópase en situación de incerteza debido á pretensión da Xunta de Galicia de impoñer un novo regulamento para o sector. Entendemos, polo tanto, que é o momento de describir as necesidades dos veciños e veciñas de Cuntis nesta materia para poder coñecer cal é a situación máis convinte.

Por estes motivos, propónse ao Pleno do Concello de Cuntis a adopción do seguinte

**ACORDO:**

1. Instar ao Concello de Cuntis a realizar un estudo de mobilidade serio e rigoroso que detecte as principais demandas en materia de mobilidade, transporte público e desprazamentos de máis uso.
2. Trasladar as conclusións de dito estudo á Xunta de Galicia e intervir politicamente e na medida das posibilidades na defensa dos intereses da poboación de Cuntis.

Cuntis, 14 de xullo de 2017

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López